

ESQUEMA PSICOLOXÍA PLATÓNICA.

A DOCTRINA DA ALMA DE PLATÓN.

- **Inmortalidade** da alma. Alma simple e pura vs. corpo composto (morte=descomposición) e impuro.
- **Dualismo alma/corpo**. Unión temporal, antinatural e accidental de alma e corpo.
- **Alma (psyché): esencia** do ser humano, de natureza espiritual. **Coñecemento racional** ou **intelectual** (nous, diánoia). A alma pertence ao **mundo intelixible (mundo das Ideas)** e ten afinidade coas Ideas (eternas, inmateriais, invisíbeis, esencias, etc).
- **Corpo (sôma): recipiente físico** da alma, perecedeiro, e fonte das paixóns e os apetitos. **Coñecemento sensorial** (sentidos). O corpo pertence ao **mundo sensible (material, físico, corpóreo)** e é semellante a el (**xeración e corrupción**).
- **Corpo-cárcere (sôma-sema):** O corpo é como unha cárcere na que está prisioneira a alma. A morte supón a liberación da alma.
- **Purificación da alma.** O corpo contamina á alma coas súas impurezas (**concupiscencias**). Mentras a alma permanece unida ao corpo, debe purificarse desprendéndose paulatinamente do contacto coas realidades corpóreas do mundo sensible. A **filosofía** e a **matemática** elevan á alma cara ao inmaterial (Ideas, mundo intelixible).
- **Transmigración das almas, metempsícosis, palingenesia:** Transmigración das almas dun corpo a outro, novo nacemento, **rexeneración, renacemento**, concepción circular ou cíclica do tempo e da sucesión vida-morte-vida. A alma encarna nun corpo acorde ao tipo de vida que levara anteriormente (purificación), de pranta, animal ou humano.

Ciclo de reencarnacións ate a completa **purificación** da alma e ascenso ao mundo intelixible.

- **Reminiscencia, recordo (anámnesis):** **Saber** non é máis que **recordar**.

A **alma** habitou no **mundo intelixible** e alí contemplou as Ideas (**contemplación intelectual**, nous, nóesis). Ao encarnar nun corpo esquece as Ideas, xa que o corpo contamina a alma. Pero, ao **percibir** os obxectos e os seres do mundo sensible, a alma pode **recordar** o que xa sabía, porque hai unha certa semellanza entre cousas e seres do mundo sensible e as Ideas (imitación, **mímesis**). Un método para provocar o recordo das Ideas é o **diálogo (dialéctica)**. Mediante as preguntas precisas, o **filósofo (dialéctico)** é quen de facer aflorar no interior da nosa alma o que xa sabíamos, pero que ficaba esquecido (amnesia).

- **División tripartita da alma:** Existencia de **tres almas** en todo ser humano. **Mito do carro alado**.
- **Alma racional (nous):** **Inmortal**. Fonte do **coñecemento intelectual** das Ideas. Virtudes da **sabedoría** e **prudencia**. Función de **goberno** ou **dirección** da alma.
- **Alma irascible (thymós):** Fonte das **paixóns nobres e elevadas**. Virtudes da **valentía, fortaleza, vigor**. Función de **auxilio** ou **axuda** á alma racional.
- **Alma apetitiva** ou **concupiscible (epithymíai):** **Mortal**. Fonte de **paixóns, concupiscencias e apetitos**. Relación estreita co corpo. Virtudes da **moderación** ou **temperanza**.
- **Amor (Eros):** **ascenso espiritual da alma**. A alma sepárase ou afástase do corpóreo e material (mundo sensible) movida polo **desexo**, o amor á Beleza (Ideas, mundo intelixible).